

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE RIBADEO PARA A MELLORA PAISAXÍSTICA E DAS CONDICIÓNS DE SEGURIDADE DO ENTORNO DAS PRAIAS DE ESTEIRO, AS ILLAS E OS CASTROS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia de Turismo de Galicia formalizou co Concello de Ribadeo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Ribadeo para a mellora paisaxística e das condicións de seguridade das praias de Esteiro, As Illas e os Castros.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e a innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para lograr esta finalidade a Axencia de Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.



Segundo.- Que o Concello de Ribadeo é consciente de que o seu Patrimonio é o seu máis grande ben, entendendo Patrimonio no seu senso máis amplo, é dicir, o conxunto de bens dunha comunidade, incluíndo nese conxunto tanto os bens herdados como os de nova adquisición, tanto os naturais como os culturais. Partindo desta base o Concello de Ribadeo está levando a cabo, dende fai anos, unha serie de iniciativas cun obxectivo común: por en valor, é dicir, rendibilizar o seu Patrimonio para dalo a coñecer, conservalo e para a promoción turística.

Terceiro.- Que as praias de Esteiro, As Illas e os Castros sitúanse na parroquia da Devesa, no termo municipal de Ribadeo.

Dende o punto de vista medio ambiental, trátase duns espazos naturais protexidos, Zonas de Especial Conservación (ZEC) dentro da Rede Natura 2000 e zonas núcleo da Reserva da Biosfera do Río Eo, Oscos e Terras de Burón.

En relación coa a súa importancia turística, estamos a falar duns areais que reciben milleiros de visitantes ao longo de todo o ano atraídos pola beleza da orografía desta zona da costa. Presentan unhas características similares ás observadas na veciña praia das Catedrais, cun entorno menos masificado no que poder gozar con tranquilidade destes espazos naturais protexidos.

Froito dos seus valores ambientais e turísticos, o Concello de Ribadeo mantén nas praias de As Illas e os Castros os galardóns de Bandeira Azul e de Q de Calidade Turística, con fin de prestar o mellor servizo posible aos seus usuarios, xa sexan veciños ou visitantes.

Analizando o estado actual do entorno das praias de Esteiro, As Illas e os Castros obsérvanse múltiples deficiencias que supoñen unha mala imaxe para este espazo, podendo supoñer nalgún caso mesmo un risco para a seguridade dos usuarios da praia.

As accións que se pretenden levar a cabo, entre outras, consistirán no seguinte:

- Reparación de bolardos de madeira, con substitución dos deteriorados e novo ancoraxe dos que o precisen.
- Reposición de traveseiros de varanda de madeira.
- Reparación de pilastras de pedra e substitución das ancoraxes oxidadas dos pasamáns da varanda de madeira.
- Reparación do pavimento das beirarrúas con pedra e pezas de lousa.



- Limpeza de mobiliario da área recreativa.
- Pintura e vernizado dos diferentes elementos.

Con esta actuación quérese potenciar un elemento patrimonial do concello, favorecendo o uso e goce do entorno por parte de veciños e visitantes, revalorizando o patrimonio e fomentando o turismo patrimonial como un instrumento de reequilibrio territorial, o que supón a posta en valor turístico da citada infraestrutura.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

